



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN
DATA 28 DE XUÑO DE 2012.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D. César Aja Mariño, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS:

D^a. Olaia Casas Chaves.

D. Sergio Aguado Delicado (Interventor Acidental).

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 28 de xuño de dous mil doce, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, asistido de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 22 DE XUÑO DE 2012.**

Non existindo obxeccións á mencionada acta, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acórdase aprobar a mencionada acta.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.



3.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A ACTUACIÓN DO ENTE PORTOS DE GALICIA ENTORNO Ó MUELLE DE VIVEIRO.

4.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A ACTUACIÓN DO ENTE PORTOS DE GALICIA EN CANTO Ó PORTO DEPORTIVO.

Por parte do Sr. Alcalde, D. Melchor roel Rivas sinalábase que estas dúas mocións se retiraron, mediante escrito comunicado á Secretaria Municipal por non contar con documentación anexa ás mesmas.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.O.E. CON MOTIVO DO ANUNCIO DO GOBERNO DE ESPAÑA DE REFORMAR A LEI 2/2010 DE SAÚDE SEXUAL E REPRODUCTIVA E INTERRUPCIÓN DO EMBARAZO.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E, D^a. María Loureiro García, que procede a explicar a moción presentada, sinalando que a presentación desta moción deriva de que Gallardón anunciou que ía modificar a Lei 2/2010, que foi aprobada durante o goberno de Zapatero. Apunta que esta lei que agora se pretende modificar recoñecía que as mulleres decidiran si querían seguir adiante co seu embarazo sen que iso fose, garantindo a saúde sexual. Ademáis as mulleres que quixeran seguir adiante co seu embarazo eran informadas. Manifesta que coa actual lexislación pódese interromper o embarazo de forma voluntaria sen xustificar dentro das 14 primeiras semanas, e dentro das primeiras 22 semanas por causas médicas. Indica que non están a favor nin en contra do aborto pero si están a favor de que se poda decidir, engadindo que o goberno socialista estableceu novas prestacións, bonificacións ás empresas, axudas por nacemento, etc, e que isto é un recorte máis do P.P. á liberdade e autonomía da muller, polo que o seu grupo propón adoptar o seguinte acordo:

Primeiro.- Este Concello únese ó manifesto “Decidir Fainos libres” elaborado pola Plataforma Estatal en Defensa dos Dereitos Sexuais e Reprodutivos que agrupa a máis de 140 organizacións sociais e de mulleres. Así mesmo promoverá activamente, a través dos medios de comunicación locais e con actividades, a súa difusión.

Segundo.- Esixe ó Goberno da Nación o mantemento da lei 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, así como a garantía de que as mulleres poidan exercer o seu dereito á interrupción voluntaria do embarazo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D^a. Cándida Méndez Salgado, indicando que non se trata de modificar a Lei 2/2010, senón que se trata da Lei Orgánica 2/2010, anunciando que o seu grupo vai votar en contra desta moción. Sinala que o texto da exposición de motivos é un argumentario repetitivo da esquerda radical, máis propio dunha manifestación de falsos feministas que defenden só actitudes partidistas. Manifesta que non se recortan os dereitos das mulleres, senón que se respetan, así como os dereitos do concebido e non nacido, mencionando a sentenza do TC 53/85 en consonancia co artigo 15 da Constitución Española. Sinala que na interrupción voluntaria do embarazo hai varios dereitos en conflito (o da muller e o do nasciturus), todo isto de conformidade coa Declaración de Dereitos do Neno que xa cumpríu 50 anos, protéxese antes e despois do



seu nacemento. Apunta que o P.S.O.E. se empeñou en modificar a anterior lei, cando a maioría da poboación non estaba de acordo e o Consello de Estado e o Fiscal non avalaron o texto que aprobou o P.S.O.E. Apunta que no ano 2010 existiron máis de 115.000 abortos polo que se trata dun fracaso das políticas educativas e de protección do menor. A lei 2/2010 convirte o aborto nun sistema anti-conceptivo máis. Sinala que casi ninguén apoiou a lei 2/2010, incluso a organización médica colexial dixo que con esta lei nin a muller nin os concebidos están máis protexidos. Indica que con esta lei do P.S.O.E. unha muller con 16 anos pode abortar, non se lle permite comprar tabaco, nin alcohol, pero sí algo que supón tanto risco para a súa saúde, polo que se vulnera o dereito á patria potestade.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para sinalar que o seu grupo vai votar a favor.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que o seu grupo se vai abster, xa que non comparten nin as ideas dun grupo nin as do outro, sinalando que entenden se debe realizar o aborto sempre baixo prescripción médica e non como antes clandestinamente, pero tampouco cren que sexa a mellor forma, xa que debería mirarse máis pola prevención que polo feito consumado. Indica así mesmo, que o que se decida neste Pleno non vai servir para influir no que se vote no Parlamento do Estado.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D^a. María Loureiro García para indicar que con esta lei evitábase a clandestinidade, xa que antes as que tiñan diñeiro ían ó extranxeiro a realizar os abortos, e as mulleres que contaban con poucos recursos realizábano na clandestinidade.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á súa votación, acordándose con 8 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e B.N.G., 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P. e 2 abstencións correspondentes ó grupo do i.V.i., aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal do P.S.O.E.:

Primeiro.- Este Concello únese ó manifesto “Decidir Fainos libres” elaborado pola Plataforma Estatal en Defensa dos Dereitos Sexuais e Reproductivos que agrupa a máis de 140 organizacións sociais e de mulleres. Así mesmo promoverá activamente, a través dos medios de comunicación locais e con actividades, a súa difusión.

Segundo.- Esixe ó Goberno da Nación o mantemento da lei 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, así como a garantía de que as mulleres poidan exercer o seu dereito á interrupción voluntaria do embarazo.

6.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. RELATIVA Á REVISIÓN OU COMPENSACIÓN POR ACORDO DE EXENCIÓN DO PAGAMENTO DO IBI POR PARTE DA IGREXA CATÓLICA.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para propoñer que se pase directamente a votación, xa que esta moción xa se debatiu nun pleno anterior, polo que se podía recoller en acta xa o debate do día anterior, xa que só cambiou o texto do acordo.

O acordo porposto á aprobación do Pleno é o seguinte:



1.- Instar ó Goberno do Estado a revisar e modificar os acordos internacionais asinados coa Santa Sede en 1976 e 1979, para adecuarse ó carácter aconfesional do Estado español, e que supoñan a supresión dos privilexios dos que goza a Igrexa Católica no Estado e nomeadamente permita a suxeición ó IBI do seu patrimonio.

2.- Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociarase coa Igrexa católica unha compensación ó Concello de Viveiro por estar exenta do pagamento do IBI.

3.- Instar ó Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que fagan propios os puntos anteriores, e xa que logo, insten ó Goberno do Estado, a suprimir os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación ós concellos galegos.

4.- Instar ó Goberno municipal a realizar un censo municipal dos inmobles pertencentes á Igrexa Católica e a outras confesiones relixiosas.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para sinalar que se recolla o manifestado na acta do pleno no que se debatiu esta moción, apuntando que o que se pretende implantar con esta moción afectaría só a 2 solares e 1 vivenda, a menos que se lle quixese cobrar o IBI ós cemiterios, igrexas,... Apunta que o PSOE vai votar en contra, por todo o que se sinalou no momento do debate no pleno anterior, manifestando que o PSOE no Estado e o bipartito en Galicia tiveron anos de goberno suficientes para poder facer o que agora se pide nesta moción, polo que considera que hai que facer as cousas cando se está no goberno e non na oposición.

Deste xeito recóllense as posturas de cada grupo manifestadas no debate do pleno do 31/05/2012: No pleno do 31/05/2012 interviña en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil, indicando que estas exencións derivan do Acordo de 1979, que no ano 1992 se ampliou a outras confesións relixiosas de España, sinalando que os Acordos coa Santa Sede están avalados polo Tribunal Constitucional. Tamén indica que a lei 49/2002 tamén regula exencións a entes sen fins lucrativos, recollidas na Lei Reguladora das Facendas Locais. Comenta que tamén os sindicatos, os partidos políticos, os edificios de patrimonio histórico artístico, tampouco pagan. Indica que a Igrexa se financia con aportacións dos fieis no IRPF, contando así con respaldo social. Di que a Igrexa ten unha extensa labor social, presta servizo á sociedade con valores como a xustiza, tendo tamén funcións no ámbito asistencial, xa que agora hai máis exclusión social e moitas situacións solvéntase por Cáritas, polo que non é razoable que concellos que derivan a persoas con exclusión social a Cáritas agora queiran cobrarlle o IBI, ademais de que o Ministerio de Facenda fai pouco xa indicou que non se podería realizar este cobro sen máis senón que habería primeiro que modificar o acordo coa Santa Sede. Afirma que contando a Igrexa con este respaldo social o seu grupo vai rexeitar a moción presentada.

No pleno do 31/05/2012 interviña o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para sinalar que en primeiro lugar non está de acordo con que cando se está na oposición se pida o que non se fixo cando se estaba no goberno, xa que o P.S.O.E. tivo tempo suficiente para negociar o concordato, senón parece que na oposición se di o que se quere e no goberno o que convén. Indica que con todos os respetos ó grupo municipal do B.N.G. vai proceder a dar resposta á moción que estaba rexistrada para o Pleno xa que a entregada agora non ten nada que ver coa anterior. Respecto ás exencións sinala que dos 25.000 euros que se deixan de percibir en Viveiro, 4.000€ serían de conventos, 609€ de capelas, 4.959€ de cemiterios, 9,18€ de cruceiros, 6.794€ de igrexas, etc. Indica



que sí hai 3 parcelas que debían estar fóra do IBI, que non as contempla o concordato, das que a súa recaudación ascendería a pouco máis de 200€, e existen 3 casas que de acordo co concordato deberían estar exentas, como son os 2 pisos de Cristo Rei, nos que se realizan obras sociais e o local de asistencia. Apunta que a esta moción, presentada no seu momento para debatir neste Pleno o seu grupo vai votar en contra, xa que consideran que o que se debería facer é negociar o Acordo. Comenta así mesmo, que respecto ó indicado polo representante do grupo do P.P., que as sedes dos partidos políticos e sindicatos sí pagan IBI, e que se a Igrexa Católica está lexitimada simplemente polo IRPF os partidos políticos suponse que aínda estarán máis lexitimados.

No pleno do 31/05/2012 interviña en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández, indicando que dos 25.000 euros que se mencionaban na moción que se deixaban de ingresar por IBI ó final acaban reducidos a unha pequena cantidade. Sinala que todo o que dixo o P.P. está recollido na vixente lexislación, e procede a dar lectura do artigo 62 do TRLRFL. Di que ademais a Constitución Española no artigo 96 refírese ós Tratados Internacionais, sendo o Acordo coa Santa Sede un Tratado Internacional, e as súas disposicións polo tanto só poden ser modificadas coas normas de dereito internacional. Apunta que a labor social da Igrexa está máis que demostrada, sostendo as congregacións relixiosas un gran número de hospicios, orfanatos, centros de maiores, comedores, centros de día,... de xeito que move moita xente simplemente pola fe. Comenta que o seu grupo está en contra de eliminar esta exención do IBI, xa que considera espeluznante quererlle cobrar á Igrexa e non á SGAE, ou inmobles como o Hotel Rich en Madrid, tendo en conta a maiores, que os bens que a Igrexa posúe, quitando igrexas, capelas, cemiterios, etc, quédanse en moi poucos. Sinala finalmente que o 23 de maio no Congreso, cos votos do P.P. e CIU xa se rexeitou unha proposta de cobrarlle o IBI a Igrexa, realizada polo Sr. Jorquera, polo que é unha cuestión que hai que decidir a nivel nacional e nese ámbito xa foi rexeitada non facemos nada aquí discutíndoa.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á súa votación, acordándose con 2 votos a favor, correspondentes ó grupo do B.N.G. e 14 votos a en contra, correspondentes ós grupos do P.S.O.E., P.P. e i.V.i., rexeitar a moción presentada polo Grupo Municipal do B.N.G.:

7.- DACIÓN DE CONTA DE CORRESPONDENCIA OFICIAL.

Dase conta do acordo de declaración institucional de que a Semana Santa de Viveiro sexa declarada de interese turístico internacional, adoptado pola Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Formúlase por parte de D. Celestino Valentín García Paz, do grupo municipal do P.P., o seguinte rogo: Que o equipo de goberno solicite a instalación dunha pasarela de madeira de acceso á praia de Covas, entre o campo de fútbol e o Omega.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para sinalar que está solicitada, a instalar entre a escaleira e a ducha, manifesta que está totalmente de acordo con este rogo e que xa está solicitado.



PREGUNTAS

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que dará contestación ás preguntas que se presentaron por escrito, por parte dos grupos municipais do P.P. e do I.v.I., por orde de presentación.

A.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP (En data 5 de xuño de 2012, N° rexistro 5.120).

Ante as seguintes preguntas:

1.- Hai varios anos que se abreu a pista de Pardiñas a Comiños en Escourido, pista que da servizo principalmente ós veciños de Pardiñas pero que tamén utilizan outros moitos incluso ambulancias. Dito acceso está cada vez máis deteriorado sendo difícil o transitar polo mesmo, por ese motivo preguntamos ¿Ten previsto o equipo de goberno o reparar a pista que comunica Pardiñas con Comiños en Escourido-Covas?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que si está prevista esta obra, acudindo á financiación da única Administración que últimamente está axudando a este Concello, que é a Deputación Provincial de Lugo, Administración que leva cerca de un mes con maquinaria para rego asfáltico coa axuda de persoal do Concello.

2.- Hai bastante tempo, dende que se produciron os danos do ciclón Klaus, parte do tellado das naves de Chavin onde se ubica a antiga Escola Taller, á altura das antigas oficinas, está totalmente destrozado, co conseguinte deterioro do resto da estrutura. Dita situación xa foi denunciada no seu día no pleno do 27/09/2010. Por este motivo preguntamos ó equipo de goberno o seguinte ¿Para cándo está prevista a reparación do tellado das naves de Chavín, propiedade municipal?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que xa se arranxou toda a parte dos talleres, a pesar de que o arranxo superou os 37.000 € e a Xunta de Galicia non nos deu un duro. Indica que cando se conte con máis financiación se arranxará máis, sinalando que cando se reparou parte do tellado houbo que repoñer todos os pontóns porque estaban podres, polo que non é verdade que esteña todo sen reparar, só parte.

3.- A obra proposta por parte do equipo de goberno no PEIM foi o ensanche do acceso do Outeiro en Celeiro. Dado que en breve prazo estas obras van ser adxudicadas. Realizamos a seguinte pregunta ¿Ten o Alcalde garantida a dispoñibilidade de terreos para poder executar a obra de ampliación dos accesos do barrio de Outeiro en Celeiro?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que o proxecto do acceso a Outeiro é un acondicionamento, e para o acondicionamento estiveron reunidos aquí todos os propietarios para realizar unha medición e deixar fixado o eixe da pista e deixar os terreos para levar a cabo o acondicionamento.



4.- Dende que se executou parte do saneamento integral da zona de Pallaregas, os veciños da zona de Porta da Leira, veñen reclamando o servizo de saneamento ó igual que os residentes na zona de Sacido todos eles dentro da parroquia de Covas. Por este motivo formulamos ó equipo de goberno a seguinte pregunta. ¿Está previsto polo equipo de goberno municipal, a dotación do servizo de saneamento nas zonas de Porta da Leira e Sacido, en Pallaregas e Cruz, respectivamente, ambas da parroquia de Covas?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que parece que hai décadas que se fixo o saneamento integral desa zona, e fíxose o ano pasado. A Porta da Leira e Sacido necesitan un pozo de bombeo, e está previsto cando haxa subvencións, que por parte da Xunta non se esperan, polo que haberá que esperar pola financiación da Deputación Provincial de Lugo.

5.- No pleno do día 27/10/2010, dentro do apartado de rogos e preguntas, o Concelleiro Sr. Amor deu conta da situación na que se atopaban os trámites sobre o parque eólico singular a ubicar na parroquia de Magazos, confirmando que naquel momento os trámites se estaban realizando no Ministerio de Industria á espera da súa inscrición no rexistro de pre-asignación de retribución de instalación de réxime especial. Dado o tempo transcorrido sen que tivesemos ningún tipo de coñecemento ó respecto, formulamos ó equipo de goberno a seguinte pregunta. ¿Coñecen Vdes, a situación administrativa actual do Parque Eólico Singular de Viveiro? ¿Cándo está previsto poñelo en funcionamento?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para ler en extracto cartas remitidas en marzo á Xunta de Galicia respecto a este tema, que é a que non concede autorización, e procede a dar lectura de ditos escritos, do seguinte xeito:

Indica que se lle comunicou á Xunta que a situación actual era que non se podía iniciar a construción do parque como consecuencia da non aceptabilidade do punto de conexión, situación novedosa a dita data (marzo de 2012), solicitando neste escrito dirixido ó Xefe do Gabinete do Conselleiro de Economía e Industria “a súa intermediación dende a Consellería de Economía e Industria con REDE ELÉCTRICA para que este punto continúe sendo válido como punto de evacuación, xa que en caso contrario non sería viable a construción do parque”.

Indica o Sr. Alcalde que non aceptan o punto de conexión de BEGASA, apuntando que en marzo se solicitaba que este punto seguise sendo válido, pois doutro xeito o parque eólico non sería viable, e polo momento aínda non houbo contestación.

B.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i.(En data 25 de xuño de 2012, N° rexistro 5.790)

1.-¿Podenos explicar o equipo de goberno cal foi o motivo polo cal a Banda Municipal de Música de Viveiro non acudeu a tocar á procesión do Corpus Cristi, que se celebrou o día 10 de xuño? Así mesmo ¿está asinado o convenio para este ano?

Intervén o sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para matizar que non existe Banda Municipal de Música, que existe unha asociación que xestiona este tema dende o ano 2005 mediante un convenio. Indica que o que pasou é que houbo un malentendido entre a Banda e os representantes do goberno desa área sobre unha reunión para falar do convenio, e desa confusión saliu o feito grave de que non se tocara no Corpus. Sinala que respecto ó 2012 tivo unha reunión con eles e se vai realizar un



convenio que vai ser inferior, xa que ascenderá a uns 25.000 € anuais, convenio no que se farán constar as instalacións que teñen na actualidade, constando todo o que é propiedade municipal e levarase ó próximo pleno, polo que agora o que falta é mirar os puntos do convenio detidamente.

2.- A pesar do tempo transcorrido dende que rematou a obra de rehabilitación da antiga casa do Concello para albergar a biblioteca municipal, aínda non se puxo a funcionar nesas dependencias, ¿Cal é o motivo? E ¿cándo se vai poñer en servizo?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que o tempo que pasou foi moi pequeno, en base á participación do goberno de España no ese momento, Deputación Provincial e Concello, polo que nos anos 2008, 2009 e 2010 o custo da rehabilitación no tocante á obra civil ascende a 300.000 €. Apunta que o Plan POS se rematou de executar no ano 2011, e a finais de 2011 contratouse o mobiliario por 67.000€, faltando agora só o dispositivo de videovixilancia, xa que vai ser a mellor biblioteca de toda a comarca, tamén se necesitan recursos persoal para facer o traslado dos libros. A idea era no mes de xuño, pero vaise destinar persoal propio para a limpeza de praias, polo que haberá que esperar a setembro para poder trasladar os libros. Sinala que se traerá ó Pleno para a súa aprobación un regulamento de funcionamento da biblioteca, apuntando que o importante non é a foto de inauguración, e manifestando que o gasto de rehabilitación está pagado, sen acudir á financiación do Real Decreto lei 4/2012.

3.- A pista que vai ó lugar de Seixos na parroquia de Valcarría, está deteriorada no seu firme ¿está previsto arranxala en breve?

Aclárase por parte do grupo municipal do i.V.i., que existe un erro na pregunta, que se trata do lugar de Seixas.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que esta obra tamén está previsto realizala, pero haberá que esperar á colaboración con financiación da Deputación Provincial de Lugo.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte do Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as 9:00 horas do día 28 de xuño de 2012, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.